

PARAMOS PARA MUDAR GALIZA

O feminismo de clase
nas folgas do 8M

2018 - 2021



Secretaría das mulleres

PARAMOS PARA MUDAR GALIZA
O feminismo de clase nas folgas do 8M
2018 - 2021

Edita:



Imprime:
Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN:



As folgas de mulleres convocadas o 8 de marzo entre os anos 2018 e 2021 representaron un salto histórico na loita social en Galiza. Non foron un “xesto simbólico” nin unha “celebración”, senón unha rebelión colectiva contra o patriarcado, o capital e todas as formas de explotación que sosteñen este sistema que nos discrimina por sermos mulleres.

O Paro Internacional de Mulleres fixo tremar Galiza. Foron días de revolución social nos que as mulleres paramos nos traballos, nos coidados e nas rúas. O feminismo galego alzou un berro colectivo que chegou a cada recuncho do noso país contra a fenda salarial, a precariedade laboral e nas vidas, as violencias, e a invisibilidade dos traballos dos coidados.

Baixo o lema: “Se nós paramos, o mundo para”, facemos alusión ao es-

pazo que deixamos baleiro cando non somos as mulleres as que nos ocupamos dos traballos no fogar, nas fábricas, nas oficinas, nos colexios, nas residencias, nos talleres... e como se paralizan a meirande parte das actividades que desenvolvemos cando non hai quen as faga. Co simbolismo dos mandís, colocados tanto no corpo das manifestantes como das xanelas das casas, visibilizamos no espazo público os traballos de coidados, que habitualmente non se teñen en conta e que son realizados de balde polas mulleres.

Cada 8 de marzo foi un paso máis para reivindicar o día internacional das mulleres traballadoras, como unha xornada de combate anticapitalista e internacionalista impulsada polo feminismo de clase.

Estas folgas foron moito máis que unha reivindicación sectorial: puxeron no centro a crítica a un modelo económico que vive da nosa sobreexplotación e do noso traballo invisíbel. Denunciamos que o capitalismo precisa do patriarcado para manter salarios baixos, contratos lixo, pensións de miseria e para relegarnos á esfera privada. E afirmaron que o femi-

nismo é inseparábel da loita pola transformación social, pola colectivización dos coidados, pola soberanía sobre as nosas vidas e polo dereito a un futuro digno.

En Galiza, a folga de mulleres tivo unha forza especial: organizouse desde abaixo, a través de asembleas, redes locais e mobilizacións multitudinarias. O sindicalismo de clase galego fixo parte activa deste proceso, convocando asembleas de traballadoras nos centros de traballo, participando en debates e actos convocados para espallar a convocatoria, negociando os servizos mínimos, defendendo internamente a necesidade de que só lles competía ás mulleres organizar e participar na folga, tanto nos piquetes informativos, como nas mobilizacións convocadas durante a xornada, así como na morea de asembleas de mulleres convocadas tanto polo sindicalismo nacionalista como polo movemento feminista dentro da plataforma galegas8m, demostrando que a loita é unha soa.

Por medio deste traballo intentamos reforzar o papel activo das mulleres dentro do sindicato e ao tempo, a nivel social recoller esa vaga imparábel de digni-

dade, rabia e esperanza. Non é só memoria: é unha chamada a continuar a batalla. O feminismo que queremos é o que representa ás traballadoras, precarias, desempregadas, migrantes, disidentes, estudantes, pensionistas.... Un feminismo que entende que a nosa liberación só pode chegar coa fin do patriarcado e coa superación do capitalismo. Un feminismo do pobo, feito desde Galiza para as galegas.



2018 – O inicio dunha vaga imparábel

O 8 de marzo de 2018 quedará na historia da Galiza como o día en que as mulleres fixeron tremer o país. Fixemos un chamamento a deixar todo o que facemos para demostrar que o mundo non xira sen o noso traballo. A CIG, convocou paros laborais parciais en todas as quendas sumándose ao Paro Internacional de Mulleres que se estendía por máis de 50 países.

Mais non se trataba só dun paro laboral. As traballadoras fixemos tremer Galiza parando nos centros de traballo, nas casas e nas rúas xa que, en sintonía co movemento feminista internacional, chamouse ás mulleres galegas a secundar unha folga de coidados, de consumo e estudantil. Recuperamos o carácter revolucionario do Día Internacional da Muller Traballadora deixando claro que o feminismo galego, en clave de clase, era quen de abrir un novo tempo de loita.

A mensaxe era clara: sen o traballo asalariado das mulleres, sen o traballo invisíbel nos fogares e sen o noso consumo, o mundo detense.

Na nosa terra esta reivindicación colectiva articulouse por medio da plataforma Galegas8m, creada como un espazo feminista amplo e diverso que buscaba repensar o 8 de marzo en clave galega, inclusiva e horizontal. A súa creación permitiu artellar unha rede de colectivos feministas e mulleres de todo o país, dándolle unha dimensión nacional ás mobilizacións e ligando Galiza ao Paro Internacional de Mulleres.

A Secretaría das mulleres da CIG fixo parte activa de todo o proceso de creación desta plataforma, que puxo o pistoletazo de saída na manifestación nacional convocada en Vigo o día 4 de marzo de 2018. Aquel día, milleiros de mulleres galegas marcharon xuntas, facendo visíbel que a loita feminista en Galiza era diversa, inclusiva e ao mesmo tempo combativa.

Có obxectivo de visibilizar a forza colectiva das traballadoras galegas e recuperar o espírito revolucionario do Día Internacional da Muller Traballadora, a CIG saíu a rúa baixo o lema “Sóbrannos razóns para ir á folga”:

- ▶ Porque cobramos menos que un home polo mesmo traballo, e nos sectores feminizados os salarios son máis baixos.
- ▶ Porque a maioría dos contratos a tempo parcial e de curta duración recaen en nós.
- ▶ Porque moitas mulleres teñen ingresos inferiores ao SMI e pensións miserentas.
- ▶ Porque se nos penaliza pola maternidade e vivimos con medo a sermos despedidas cando temos fillas/os.
- ▶ Porque atopamos atrancos para promocionar (teito de cristal, chan pegañento).
- ▶ Porque moitas mozas teñen que emigrar para fuxir do desemprego e da precariedade.
- ▶ Porque seguimos asumindo a maior parte das tarefas de coidado e da dobre ou tripla xornada.
- ▶ Porque sufrimos acoso na rúa, no traballo, na casa;

porque nos violan e nos matan polo feito de sermos mulleres.

- ▶ Porque os recortes en sanidade, ensino e dependencia golpean especialmente ás mulleres.
- ▶ Porque os traballos de coidados deben estar no centro das políticas e as empregadas do fogar deben ter dereitos plenos.

O propio 8 de marzo, as mobilizacións organizadas pola CIG espalláronse por máis de 40 vilas e cidades. Diante dos hospitais, nos polígonos, nos centros de traballo e nas prazas, as traballadoras fixéronse visíbeis con carteis, mandís e faixas. Pola tarde, as manifestacións convocadas pola Asemblea Galegas8M enchéronse de xente, facendo desa xornada un auténtico levantamento social.

O 8M de 2018 rachou coa hipocrisía institucional que reduce o Día da Muller a flores e discursos baleiros. Recuperouse a súa orixe revolucionaria, ligándoa á loita contra o patriarcado e contra o capital e enchéronse as rúas de dignidade, baixo o chamamento dun

feminismo galego pensado desde nós e para nós. As mulleres galegas saímos masivamente as rúas para berrar que xa non imos permitir máis discriminacións, máis violencia nin máis explotación.

O éxito da convocatoria foi rotundo: milleiros de mulleres participaron nos paros laborais, centos de actos tiveron lugar en todo o país e as rúas desbordáronse polas manifestacións.

O Paro internacional de Mulleres de 2018 converteuse nun punto de inflexión histórico: as mulleres traballadoras recuperamos o protagonismo político, fixemos visíbel o noso papel central na economía e na vida.


2019 – Revolta feminista

O 8 de marzo de 2019 consolidou a folga de mulleres como unha xornada de combate, social e popular. Se en 2018 se deran os primeiros paros laborais, nesta ocasión a CIG convocou unha folga xeral de mulleres de 24 horas. O chamamento foi inequívoco: “*Polas*

que estamos e polas que xa non teñen voz, iremos á folga”.

Desde a Secretaría das mulleres da CIG lánzase unha campaña parte dunha radiografía clara da situación: fenda salarial persistente, categorías laborais inferiores, contratos a tempo parcial e de curta duración, acoso e agresións a pesar dos protocolos, despedimentos por maternidade, dobres e triplas xornadas, traballos na economía somerxida, xubilacións miserentas e subsidios de miseria. Un panorama que evidencia como o capitalismo se sostén na sobre-explotación das mulleres.

O sindicalismo galego e de clase puxo no foco a explotación laboral e a invisibilidade dos coidados, sinalando que non abundan declaracións baleiras: é tempo de revolta feminista por todos os dereitos. Denunciamos a hipocrisía das institucións, que aproban plans de igualdade baleiros mentres recorran dereitos; denunciámos a xustiza patriarcal, que dita sentenzas machistas que multiplican a impunidade; denunciámos o papel da patronal, que perpetúa a discriminación e o acoso.



A revolta feminista tinguíu de lila todo o país, o 8M de 2019 non foi só unha folga laboral. A convocatoria lanzada pola plataforma Galegas8M, estendiase aos coidados, ao consumo e ao ensino:

“Non coidamos! Non traballamos! Non consumimos! Non estudamos! Por todas as mulleres, por todos os dereitos: revolta feminista”.

Alén de intensificar o traballo preparatorio da folga xeral de mulleres con actos, reunións e asembleas nos diferentes centros de traballo, divulgando tamén socialmente o paro laboral, realizamos un chamamento e acudimos a manifestación nacional convocada na semana previa ao 8 de marzo por Galegas8M en Lugo. Miles de mulleres ateigamos as rúas baixo o lema *“Revolta feminista: por todas, por todos os dereitos”*, lembrando as revoltas de mulleres convocadas en séculos anteriores por traballadoras na Galiza.

A folga de 2019 tamén serviu para denunciar a hipocrisía do poder político e da patronal. Mentres se enchén a boca de discursos sobre igualdade, na realidade aplican recortes, perpetúan a discrimina-

ción salarial, ignoran o acoso laboral e manteñen pensións de miseria.

O chamamento da CIG era directo: *“Non imos permitir que fagan recuar os nosos dereitos, cando aínda nos quedan tantos por conquistar”.*

O 8M de 2019 deixou un dobre legado:

1. Recuperou o carácter de clase que deu orixe e vivencia á conmemoración do 8 de marzo, rachando coa desvirtualización que o capitalismo e o feminismo institucional pretenderon facer desta data.
2. Transformou o Día Internacional das Mulleres Traballadoras nunha xornada de rebeldía dunhas poucas nun movemento social, na que milleiros de mulleres fixeron visíbel nas rúas que a loita feminista e a loita sindical son inseparábeis.

As fotografías amosan a forza desta revolta: columnas de mulleres con faixas, aulas baleiras, mandís pendurados en balcóns, prazas ateigadas de rabia e esperanza.

2020 – Dar valor aos traballos dos coidados

O 8 de marzo de 2020 a CIG volveu situar no centro do debate público a realidade das mulleres traballadoras galegas. A Secretaría das mulleres desenvolveu unha intensa campaña de denuncia da situación sociolaboral, sinalando que nos sectores relacionados cos coidados e moi feminizados —sanidade, residen-



cias, ensino, limpeza, servizos— a precariedade era a norma: contratos parciais, salarios por debaixo do SMI, ausencia de dereitos recoñecidos e unha sobrecarga de tarefas que impide conciliar a vida laboral e persoal. Fixemos fincapé na invisibilidade dos traballos de coidado, lembrando que sen eles o sistema non funciona, mais que continúan sen recoñecemento nin valor social nin económico.

Alzouse o berro contra a violencia simbólica que supón a sobreexplotación abnegada das mulleres unha situación para a que cómpre abordar a desigualdade socioeconómica e política que existe e transformar estes mandatos culturais de xénero que funcionan como coaccións sociais.

As reivindicacións da CIG foron claras: integración plena das traballadoras do fogar e dos coidados no Estatuto das Peroas Traballadoras, pensións dignas, salarios xustos, redución da xornada laboral, derrogación das reformas laborais e fortalecemento dos servizos públicos. Denunciamos o papel cómplice das administracións, que, lonxe de garantir dereitos, contribuían á explotación coa privatización dos servizos

sociais e sanitarios, convertendo a miseria das traballadoras en beneficio para empresas concesionarias.

Este ano se puxo con máis forza o acento na dimensión política do coidado subliñando que coidar é un dereito colectivo e non unha carga que deba recaer sobre as mulleres, e que sen corresponsabilidade social non hai igualdade posibel. Baixo o lema “Invisíbeis e precarias. Pola valorización das traballadoras dos coidados”, quixo denunciar que as mulleres sostemos co noso traballo a vida, mais seguimos sendo as máis explotadas e empobrecidas.

Neste contexto, a plataforma Galegas8M convocou unha nova xornada de mobilización baixo o lema “Sen coidados non hai vida: mudando o sistema, derrubando o patriarcado”. A CIG fixo parte activa na organización das convocatorias, participando nas mobilizacións que tiveron lugar o propio día 8 de marzo en todo o país e na manifestación nacional celebrada o 1 de marzo en Verín. Milleiros de mulleres galegas convertéronse ese día en protagonistas dunha mobilización histórica, que fixo da vila símbolo da loita feminista e social. Verín viña de protagonizar unha ampla

rebelión cidadá contra o peche do paridoiro e das urxencias pediátricas, unha decisión política que obrigaba ás nais e ás crianzas a desprazarse a Ourense. A manifestación nacional solidarizouse con esa loita, denunciando a violencia institucional exercida pola Xunta, reclamando o dereito a unha sanidade pública de calidade, á atención pediátrica e ao parto sen violencia obstétrica. Nesta convocatoria fíxose visíbel que defender o rural tamén é unha reivindicación feminista: dereito a vivir con dignidade, a non emigrar e a manter servizos públicos no territorio.

O 8M de 2020 proclamou que non se trata só de reclamar igualdade formal: trátase de derrubar o sistema que se sostén sobre a nosa explotación.

Foi unha xornada que deixou unha certeza: sen revolución feminista, non hai futuro.

2021 – Os dereitos non se confinan

O 8 de marzo de 2021 chegou marcado pola crise sa-

nitaria e polas restricións derivadas da pandemia. A CIG, lonxe de recuar, decidiu dar un paso adiante e convocar de novo unha folga de mulleres de 24 horas, asumindo o reto de mobilizar en condicións excepcionais e lanzando unha mensaxe clara: os dereitos das mulleres non podían estar en coretena.

Desde a Secretaría das Mulleres denunciouse que a pandemia puxera en evidencia o que xa levaba anos sinalando o feminismo de clase: fomos nós, as mulleres, quen sostivemos a vida en todos os ámbitos, tanto no traballo asalariado como nos fogares. As traballadoras galegas estivemos na primeira liña da crise derivada da pandemia e o confinamento —na sanidade, nas residencias, na limpeza, no comercio, no ensino, nos servizos de axuda a domicilio—, expostas ao virus sen protección suficiente, soportando xornadas extenuantes e sen recibir nin recoñecemento social nin compensación económica. Ao mesmo tempo, moitas mulleres víronse obrigadas a deixar os seus empregos ou a reducir xornadas para facerse cargo dos coidados abandonados polo sistema, reproducindo a vella desigualdade nun contexto aínda máis duro.

A CIG puxo enriba da mesa reivindicacións concretas: derogación das reformas laborais, fin da fenda salarial que en Galiza seguía a superar o 20%, dignificación dos traballos de coidados, recoñecemento pleno dos dereitos das empregadas do fogar, pensións mínimas iguais ao SMI, redución da xornada laboral e fortalecemento dos servizos públicos. Ao tempo, denunciou o impacto da crise sobre a mocidade e as mulleres máis precarizadas: contratos a tempo parcial, salarios de miseria, emigración forzosa e pensións que condenan á pobreza.

A convocatoria de folga viuse acompañada dunha campaña institucional de criminalización da mobilización feminista. Desde a dereita e mesmo desde o PSOE tentouse culpar as mulleres do risco sanitario se se mobilizaban, ao tempo que se permitían concentracións da ultradereita sen restricións, non se trataba de celebrar un 8M simbólico ou virtual. Trátase de manter a loita nas rúas, con todas as medidas de seguridade, porque os nosos dereitos non podían quedar confinados.

Ademais, a Xunta de Galiza aproveitou a situación



para impor servizos mínimos abusivos, especialmente nos sectores máis feminizados —limpeza, sanidade, coidados—, chegando en moitos casos a superar os efectivos dun domingo ou festivo. A CIG recorreu estes mínimos, denunciando que a súa finalidade era clara: impedir ás mulleres exercer o dereito á folga. A mesma actitude se repetiu en organismos como a CRTVG, onde se negou que os homes cubrisen os postos durante a folga para visibilizar a ausencia das mulleres, ou se mantivo a programación habitual para aparentar normalidade.

Fronte a isto, a plataforma Galegas8M chamou a mobilizacións descentralizadas por todo o país, organizadas en columnas de mulleres e con estritas medi-

das de seguridade sanitaria. En decenas de vilas e cidades galegas houbo manifestacións, concentracións e accións reivindicativas, demostrando que, mesmo en tempos de pandemia, o feminismo galego era quen de ocupar as rúas e de facerse escoitar.

O 8M de 2021 deixou unha mensaxe clara: as mulleres galegas non imos pagar a crise coa nosa saúde, cos nosos salarios nin cos nosos dereitos. A folga puxo de manifesto que o feminismo galego segue a ser imparábel, que non se cala ante a hipocrísia institucional e que continúa reclamando cambios reais: pensións dignas, servizos públicos de calidade, recoñecemento dos coidados como dereito colectivo e igualdade efectiva en todos os ámbitos.

As folgas de mulleres dos 8 de marzo entre 2018 e 2021 fixeron historia en Galiza. Foron catro anos nos que milleiros de galegas, organizadas desde o sindicalismo de clase e o movemento feminista, puxeron en cuestión a lóxica do sistema.

As mobilizacións do feminismo galego en xeral, e do sindicalismo nacionalista en particular deixaron claro que a nosa forza colectiva pode parar o mundo e facelo tremer.

En 2018 recuperamos o 8 de marzo como día de loita obreira e internacionalista. En 2019, a revolta feminista fixo visíbel a precariedade e a violencia que sosteñen o sistema. En 2020 puxemos os coidados no centro, denunciando a súa explotación e esixindo dignidade. En 2021, mesmo en plena pandemia e fronte ao boicot institucional, proclamamos que os

dereitos das mulleres non se confinan.

Cada 8M foi un paso máis nun mesmo camiño: o da construción dun feminismo galego e de clase, que entende que sen rachar co capital e co patriarcado non hai futuro.



Porén, e aínda salientando que as mobilizacións neses anos de folga foron exitosas e das máis concorridas na historia recente, as folgas en si non tiveron tanto seguimento. Finalmente acordamos rachar con esta dinámica, para evitar así ritualizar a data e non desvirtuar o sentido que ten unha folga laboral.

O que se recolle neste documento non é só memoria: é a proba viva dunha revolución social en marcha. Un proceso que continúa e que chama a todas as traballadoras a organizarse, loitar e vencer.



2018



Pontevedra



Allariz



Ourense



Redondela



Mos



Vigo



Pontevedra



Salvaterra



A Coruña



Lugo



Pontevedra



Ferrol



Valdeorras



Compostela



Burela



Vilagarcía



Cangas



Ferrol



Tuñi



Cesures



Carballo



Lousame



Burela



2019



Moaña



Compostela



Vigo



Ourense



Ribadeo



Vigo



A Coruña



Pontevedra



Burela



Pontevedra



Pontevedra



Vigo



Compostela



Cee



Compostela



Lugo



A Estrada



Compostela



Cangas



Lugo



A Coruña



Vilagarcía



Vigo



Vilagarcía



2020



A Coruña (galegas8M)



Compostela (encontro de delegadas, 3 de Marzo)



Pontevedra



Vigo



Vigo (galegas8M)



Vigo



Vigo



Foz



A Coruña (galegas8M)




Lugo



Foz



Vilagarcía



Compostela (galegas8M)



Compostela (galegas8M)



Foz



A Coruña



Ourense



Compostela



Compostela



Compostela



Vilagarcía



2021



Burela



Pontevedra





Vigo



Burela



A Coruña



Compostela



A Coruña



Redondela



Vilagarcía





A Coruña



A Coruña



Ferrol



Vigo



Ourense



Cangas



A Guarda



Bueu



Porrino



Moaña

8 DE
8 MARZO

Mulleres ^{en}
FOLGA



Secretaría das mulleres